

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JUAN REY
CURSO: 1º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO:
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta
	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.

de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL	
B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.
B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)
B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.
	PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Seguimento do traballo telemático nos casos nos que é posible, observación e valoración das tarefas e actividades dos alumnos.
	Instrumentos: Rexistro diario de tarefas.
Cualificación final	Media do 1º e 2º trimestres podendo ser mellorada co traballo telemático.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Vídeos didácticos e de comprensión. Listenings. Fichas de repaso e reforzo. Xogos sobre temas traballados. Cancións.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As distintas tarefas cólganse nun blog que os nenos consultan. Recepción e corrección das tarefas mediante o correo electrónico. Posibilidade de enviar as tarefas impresas á casa mediante servizos municipais se os nenos non teñen conectividade.
Materiais e recursos	Móvil, táblet, ordenador ou portátil, impresora e conexión a internet. Libros de texto. Fichas en formato papel ou dixital.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Blog.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

